



devoción wagneriana

XOVES 4 ABRIL 2024

Auditorio de Galicia, 20:30 h

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Dima Slobodeniouk, director

fiando historias

MIGRACIONES

PROGRAMA

ANTON BRUCKNER (1824-1896)

Sinfonía núm. 3 en re menor WAB 103,
“Sinfonía Wagner”

(Versión Nowak de 1889)

Gemäßigt, mehr bewegt, misterioso

Adagio. Bewegt, quasi Andante

Scherzo. Ziemlich schnell

Finale. Allegro

Duración aproximada do concerto: 65 minutos (sen pausa)
Pregámoslle ao público que non faga fotografías e
que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

DIRECTOR

Dima Slobodeniouk

VIOLÍNS I

Massimo Spadano****

Ludwig Dürichen****

Iana Antonyan

Sara Areal Martínez

Ruslan Asanov

Caroline Bournaud

Gabriel Bussi

Regina Laza Pérez-Blanco

Dominica Malec

Andruszkiewicz

Dorothea Nicholas

Mihai Andrei Tanasescu Kadar

Florian Vlashi

Roman Wojtowicz

VIOLÍNS II

Fumika Yamamura***

Adrián Linares Reyes***

Gertraud Brilmayer

Lylia Chirilov

Marcelo González Kriguer

Deborah Hamburger

Enrique Iglesias Precedo

Helle Karlsson

Gregory Klass

Stefan Marinescu

Diana Poghosyan Mirzoyan

VIOLAS

Eugenia Petrova***

Francisco Miguens Regozo***

Andrei Kevorkov*

Raymond Arteaga Morales

Alison Dalgligh

Despina Ionescu

Jeffrey Johnson

Jozef Kramar

Luigi Mazzucato

Karen Poghosyan

Wladimir Rosinskij

VIOLONCELLOS

Rouslana Prokopenko***

Raúl Mirás López***

Gabriel Tanasescu*

Andrea Fernández Ponce

Berthold Hamburger

Scott M. Hardy

Florence Ronfort
Ramón Solsona Massana

CONTRABAIXOS

Risto Vuolanne***
Diego Zecharies***
Todd Williamson*
Mario J. Alexandre Rodrigues
Douglas Gwynn
Jose F. Rodrigues Alexandre

FRAUTAS

Claudia Walker Moore***
M^a José Ortuño Benito**
Juan Ibáñez Briz*

ÓBOES

David Villa Escribano***
Carolina Rodríguez Canosa*

CLARINETES

Juan Antonio
Ferrer Cerveró***
Iván Marín García**
Pere Anguera Camós*

FAGOTES

Steve Harriswangler***
Mary Ellen Harriswangler**
Alex Salgueiro *

TROMPAS

Nicolás Gómez Naval***
Marta Isabella
Montes Sanz***
David Bushnell**
Manuel Moya Canós*
Amy Schimelmann*

TROMPETAS

Manuel
Fernández Álvarez***

TROMBÓNS

Jon Etterbeek***
Óscar Vázquez Valiño***

TUBA

Jesper Boile Nielsen***

PERCUSIÓN

Fernando Llopis Mata***
José A. Trigueros Segarra**

José Belmonte Monar*
Alejandro Sanz Redondo*

ARPA

Celine C. Landelle***

MÚSICOS INVITADOS TEMPORADA 2023-2024

VIOLÍNS I

Ángel Enrique
Sánchez Marote

VIOLÍN II

Paloma Diago Busto

ÓBOE

Ana Gavilán Quero**

TROMPETA

Alejandro
Vázquez Lamela **

MÚSICOS INVITADOS PARA ESTE PROGRAMA

VIOLÍNS I

Daniel Vlashi Lluçaçi*****
Virginia González Leondhart
Marta Burriel Ventura

VIOLÍNS II

Adriaan Alexander Rijnhout
Díaz
David Ruiz del Canto

VIOLONCELLOS

Ricardo Prieto Ganado***
Millán Abeledo Malheiro
Milagros García Fuentes

CONTRABAIXO

Yamila Pedrosa Ahmed

TROMPETA

Carlos Navarro Zaragoza*

TROMBÓNS

Kiril Nesterov Bekker*

***** Concertino | **** Axuda de Concertino | *** Principal | ** Principal-Asistente | * Coprincipal

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, cidade en cuxo Palacio da Ópera ten a súa sede, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España ademais dunha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través da súa canle de YouTube. A OSG, cuxo director titular desde a tempada 2023-24 é Roberto González-Monjas, e que ten en Víctor Pablo Pérez o seu director honorario e en José Trigueros o seu director asociado, foi orquestra residente do Festival Rossini de Pésaro de 2003 a 2005 e do Festival Mozart da Coruña desde a súa creación en 1998. Ademais, a súa presenza estatal e internacional foi constante, con concertos nas mellores salas en España e con varias xiras por Alemaña e Austria. En 2007 realizou unha xira por América do Sur —con concertos en Chile, Arxentina, Brasil, e Uruguai—, a finais de 2009 presentouse na histórica sala do Musikverein de Viena e en 2016 ofreceu dous concertos nos Emiratos Árabes. Tanto para os seus concertos

internacionais como para os seus programas de abono a OSG conta con solistas como Anne-Sophie Mutter, Isabelle Faust, Maurizio Pollini, Krystian Zimerman, Grigory Sokolov, Frank Peter Zimmermann, Maria João Pires, Elisabeth Leonskaja, Dmitri Sitkovetsky, Stefan Dohr, Alica Sara Ott, Gil Shaham, Sarah Chang, Leonidas Kavakos, Arcadi Volodos, Mischa Maisky, Javier Perianes ou Christian Lindberg, entre outros moitos. Con ela cantaron Bryn Terfell, Ewa Podles, Plácido Domingo, Juan Diego Flórez, Simon Estes, Leo Nucci, Alfredo Kraus, Teresa Berganza, María Bayo, Ainhoa Arteta, Mirella Freni, Ann Murray, Amanda Roocroft, Ildar Abdrazakov, Hildegard Behrens, Eva Marton, Giuseppe Giacomini, Philip Langridge, Carlos Chausson, Raúl Giménez, Isabel Rey, Carlos Álvarez, Ana María Sánchez ou Giuseppe Sabbatini, e sempre baixo a batuta de mestres como Gustavo Dudamel, Lorin Maazel, Elisha Inbal, Neville Marriner, Michail Jurowski, Ton Koopman, Guennadi Rozdestvenski,

Libor Pesek, Juanjo Mena, Maurizio Pollini, Christoph Eschenbach, James Judd, Stanislaw Skrowaczewski, Richard Egarr, Daniel Harding, Jesús López Cobos, Osmo Vänskä, Alberto Zedda, Yoav Talmi, Raymond Leppard, Carlo Rizzi, Josep Pons, John Nelson, Gianandrea Noseda, Ron Goodwin ou Manfred Honeck entre outros. Na súa discografía para selos como Deutsche Grammophon, Sony, BIS, EMI, DECCA, Koch, Naïve, BMG e Arts figuran nomes como os de Juan Diego Flórez, Kaori Muraji, Peter Maag, Antonio Meneses, Iván Martín, Manuel Barrueco —con quen foi candidata ao Grammy 2007 polo mellor álbum clásico do ano—, María Bayo, Plácido Domingo, Juan Pons ou Ewa Podles, entre outros. A OSG converteu a súa canle de YouTube no máis visto do sector en España e un dos máis visitados a nivel europeo: con máis de cento setenta mil subscritores, os vídeos da OSG superan os quince millóns de visualizacións no último ano desde un total de 227 países. O éxito internacional da súa canle e

as retransmisións en *streaming HD* iniciadas na temporada 14-15 supuxeron a súa candidatura ao Classical:Next Innovation Award 2015. A OSG foi premiada coa Medalla de Ouro da Real Academia Galega de Belas Artes e é Premio Cultura Galega da Música 2010. A orquestra está financiada polo Concello da Coruña, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña.

BIOGRAFÍAS

Dima Slobodeniouk Director

Eloxiado polo seu estimulante enfoque e o seu enérxico liderado tanto por parte dos músicos como do público, Dima Slobodeniouk converteuse nun dos directores máis solicitados da súa xeración.

Slobodeniouk traballa coas orquestras máis importantes do mundo, incluídas a Filharmónica de Nova York, a Orquestra Sinfónica de Boston, a Orquestra Sinfónica de Londres, a Filharmónica de Berlín, a Gewandhausorchester Leipzig, a Filharmónica de Múnic, a Orquestra do Concertgebouw de Ámsterdam e a Orquestra Sinfónica NHK.

Na tempada 2023/24, Dima Slobodeniouk foi invitado a debutar coa Orquestra Sinfónica Nacional de Washington e a Tonhalle-Orchester de Zúric. Ademais, regresará á Orquestra Filharmónica de Londres, a Orquestra Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a

NDR Elbphilharmonie Orchester e a Rundfunk-Sinfonieorchester de Berlín.

Tamén actuará coa Sinfónica de Viena e a Orquestra Filharmónica de Helsinki e fará un regreso especial á Orquestra Sinfónica de Galicia, da que foi director musical ata 2022. Recentemente, Dima Slobodeniouk abriu a tempada 2023/24 á fronte da Orquestra Sinfónica de Boston á que regresou recentemente e antes da súa actuación, de novo en Estados Unidos, coa Orquestra Sinfónica de Seattle nesta primavera.

NOTAS AO PROGRAMA

Devoción Wagneriana é o título do concerto que ofrece esta noite a Orquestra Sinfónica de Galicia dirixida por Dima Slobodeniouk e fai referencia á admiración que Anton Bruckner profesaba polo compositor xermánico e que se plasmou na dedicatoria da súa *Sinfonía núm. 3 en re menor* que hoxe escoitaremos: “en profunda reverencia ao inalcanzable, renomeado e exaltado mestre”.

Anton Bruckner (1824-1896) naceu no seo dunha familia humilde orixinaria dunha pequena vila da zona alta de Austria chamada Ansfelden. Os seus primeiros pasos profesionais non foron na composición, campo ao que se achegaría xa na madurez, arredor dos corenta anos. Traballou como mestre de escola substituíndo o seu pai e posteriormente obtivo a praza de organista na catedral de Linz en 1856. Poucos anos máis tarde trasladou a súa residencia a Viena, onde exerceu como profesor de órgano no

Conservatorio e organista da corte imperial. Neses mesmos anos coñeceu a Wagner na primeira representación do *Tristán e Isolda* en Múnic e quedou fascinado, comezando unha auténtica veneración por el. Este feito, entre outros motivos, tivo consecuencias na acollida das súas obras posto que a sociedade vienesa do último terzo do s. XIX estaba fragmentada entre os partidarios da música absoluta (corrente representada por Brahms e encabezada polo crítico musical Hanslick que defendía que a música debía ser só forma e estrutura) e aqueles outros que pretendían a fusión da música con outras artes, como Liszt ou Wagner. A admiración de Bruckner cara a este último pareceu colocalo nun bando en concreto, cando en realidade os estilos dos dous autores foron bastante diferentes.

As influencias máis importantes que impregnan a obra de Bruckner son Beethoven e Wagner, e a súa escritura orquestral estivo

NOTAS AO PROGRAMA

moi determinada polo feito de tocar o órgano, intentado trasladar moitos dos recursos do instrumento ao conxunto. A obra relixiosa ocupa un papel destacado no seu catálogo, xa que foi un fervoroso crente e estivo moi ligado ao Cecilianismo, movemento desenvolvido durante o século XIX que pretendía recuperar o canto gregoriano na súa forma primixenia e máis pura, así como a polifonía renacentista, especialmente a de G.P. Palestrina. Todos estes aspectos plasmáronse nas súas sete misas e o seu célebre *Te Deum*. Non obstante, o máis aclamado e recoñecido da súa produción son as nove sinfonías (máis dúas previas non numeradas) que presentan unha serie de características comúns. En primeiro lugar, todas elas teñen unha gran lonxitude e monumentalidade e están divididas en catro movementos, que se estruturan en formas clásicas. Habitualmente hai relación temática entre movementos como xa fixera Beethoven no cuarto da súa novena sinfonía, e tamén

recorre con frecuencia ás diversas técnicas do contrapunto no tratamento do material musical. A orquestración está moi influenciada por un pensamento propio do órgano –en bloques de sons– e son habituais os corais de instrumentos de metal na liña wagneriana.

A *Sinfonía núm. 3* foi iniciada en 1872 e está dedicada, como xa se sinalou, a Richard Wagner. Bruckner tiña unha personalidade bastante insegura que provocaba que revisara unha e outra vez as súas obras. No caso da sinfonía que nos ocupa existen tres versións diferentes, mais algunha outra revisión feita postumamente por diversos músicos. A primeira, composta entre 1872 e 1875 nunca se chegou a tocar nin publicar e contiña numerosas citas do *Tristán e Isolda* e do *Anel do Nibelungo*. O autor quería contar coa opinión do seu venerado Wagner e conseguiu que este o recibira na súa casa e lle corrixira as sinfonías 2 e 3. Existe unha anécdota que

conta que Wagner animou a probar unha cervexa artesá a Bruckner e que este acabou tan bébedo que ao día seguinte non recordaba cal das dúas sinfonías gustaba máis ao autor do *Tristán*. Finalmente, e grazas á axuda dun artista que estaba realizando unha escultura de Cósima Wagner na casa, puido descubrir que era a número 3. Esta segunda revisión que rematou en 1876, e da que eliminou a maioría de citas wagnerianas (instado por aquel), estreouse en 1877 baixo a batuta do propio Bruckner e foi un rotundo fracaso. Dous anos despois, realizou unha terceira versión que se supón que é a máis fiel ao que finalmente o compositor quería e que foi publicada grazas ao apoio económico do emperador. A *Sinfonía núm. 3* divídese en catro movementos e está escrita na tonalidade de re m, ao igual que a *Novena* de Beethoven. O primeiro movemento ten unha forma sonata con exposición (dous temas), desenvolvemento e recapitulación. O tema principal, interpretado pola trompeta,

emerxe a partir dun colchón conformado polas cordas en *pianíssimo* (que inevitablemente nos remite de novo á obra do mestre de Bonn) e logo é estendido polas trompas ata chegar a un clímax de toda a orquestra en *fortísimo*; o segundo ten un carácter máis melódico e é iniciado nos violíns segundos. Antes do desenvolvemento, no que o compositor fará todo un alarde de técnica compositiva aplicando ao tema principal diversos procedementos do contrapunto, soan dúas ‘autocitas’: unha do *Miserere* da *Misa en re m* e outra procedente da súa *Sinfonía núm. 2*. A chegada da recapitulación vén anunciada por unha pausa orquestral na que unicamente escoitamos os timbais en *pianíssimo*. O *Adagio* recibe en moitas ocasións o apelativo de “movemento wagneriano”, xa que nel soa o motivo do sono do terceiro acto de *A Walkiria*. O seu carácter lírico e introvertido relaciónao tamén co repertorio relixioso do autor. Estrutúrase en tres partes A-B-A, sendo

NOTAS AO PROGRAMA

a central un pouco máis rápida. O terceiro movemento é un *Scherzo* no que atoparemos a forma habitual: *scherzo-trío-scherzo*. Nas seccións extremas, as cordas marcan nun murmurio o ritmo básico do movemento e logo o tema estoura en *tutti* na orquestra; a continuación contraponse un segundo tema nos primeiros violíns. O trío constitúe unha especie de *Ländler*, un valse propio da zona do Tirol de carácter folclórico. O último movemento é de novo unha xigantesca forma sonata. O primeiro tema da exposición é unha fanfarra que soa nos trombóns e seguidamente un segundo tema dobre. Bruckner deixou escrito que con el quería mostrar os dous lados da vida: as alegrías virían representadas pola polca interpretada polos violíns mentres que o coral nas trompas a unísono buscaba transmitir a cara máis seria do periplo de calquera persoa. Tras as seccións do desenvolvemento e a recapitulación, unha gran coda recupera o tema principal do primeiro movemento

poñendo fin a esta monumental sinfonía agora na tonalidade de Re Maior.

Gocemos pois da obra deste devoto wagneriano, tantas veces incomprendido e rexeitado.

Carme Tubío Barreira

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

a paixón de Simone

XOVES 11 ABRIL

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Joana Carneiro

Sala Mozart, 19:45 h

Joana Carneiro, directora

Karen Vourc'h, soprano

Ângela Alves, Joana Valente, André Lacerda e Luís Pereira,
cuarteto vocal

Miguel Ramalho, bailarín

Inés Salvado, actriz-narradora

· Kaija Saariaho: La Passion de Simone (versión de orquesta de cámara)

Estrea en España

En colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago